



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 30 DE XANEIRO DE 2012.-**

<p><b><u>Sres. Asistentes:</u></b> <b><u>Sr. Alcalde:</u></b> D. JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO. <b><u>Sres. Concelleiros:</u></b> D<sup>a</sup> MARIA VICTORIA MONTENGRO PAZ D. ALMA BEATRIZ BARRON FERRO. D. JOSE EUGENIO FERNANDEZ LAGO D<sup>a</sup> OLIMPIA MARCOS GARCIA D. JOSE JUAN VILAR RICO. D. JOSE MANUEL CENDAN FDEZ. D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> MERCEDES GRANDE REGUEIRO. D. JUAN MANUEL SIXTO GALIANO D<sup>a</sup> JOSEFINA MARTINEZ MARTINEZ. D. EMILIO MESIAS FARIAS. D. ANGEL M. FERNANDEZ PERMUY. D. LUIS CENDAN FERNANDEZ.</p> <p><b><u>SR. SECRETARIO.:</u></b> D. MANUEL LARROSA RODRÍGUEZ.</p>	<p>No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as doce horas e seis minutos do día trinta de xaneiro de dous mil doce, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o concello Pleno en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, a <b>petición do grupo municipal do Partido Popular</b>, baixo a Presidencia, do Sr. Alcalde-Presidente, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros, que o marxe se relacionan, actuando como Secretario o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p> <p>Aberta a sesión pola Presidencia entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos:</p>
--	---

**PUNTO ÚNICO: OBRAS PRAZA DA CONSTITUCIÓN COA ADOPCIÓN DOS SEGUINTE ACORDOS.-**

\_ Toma a palabra o Sr. Alcalde: Damos inicio ó Pleno Extraordinario de hoxe, hai un punto único, obras da Praza da Constitución, coa adopción dos seguintes acordos:

1º.- Que con carácter urxente se convoque a Comisión de Urbanismo para tratar da obra que se está realizando.

2º.- Cambio de proxecto e outras alternativas.

3º.- Solicitar a paralización das obras mentras tanto non se chegue a un acordo maioritario da Corporación.

Trátase dun Pleno convocado por iniciativa do Grupo Municipal do Partido Popular, e en consecuencia ten a palabra o Voceiro para defender, a adopción dos acordos a que se refire.

Toma a palabra o voceiro do grupo popular Sr. Manuel Cendán Fernández: Bos días a todos en primeiro lugar vamos a facer unha sintese do que é esta obra, o no que quedou, está e unha obra solicitada polo Concello á Consellería de Industria, a cal foi aprobada cunha



subvención do 75% da obra e unha aportación municipal do 25%, e se da conta da solicitude o Pleno sen pasar por ningún órgano de fiscalización, nin Xunta de Portavoces nin Comisión de Urbanismo, nin nada que se lle pareza, se contrata a obra por procedemento negociado, que significa que por parte da Administración se invitan a tres empresas, para que fagan a oferta de contratación, dicir que este sistema de procedemento negociado ten un límite que son 200.000 euros, para a contratación e esta obra na que estamos, está o límite da Lei, porque sale en 211.000 euros co IVE engadido, se da comenzo as obras e en primeiro lugar se fai o corte das arbores, nos xa o dixemos aquí por activa e por pasiva, que había que tomar medidas con esas arbores, pero si o que votamos de menos que por parte do Goberno Municipal, non se tomará a medida de que algúnha arbore fora replantada noutro lado, noutro lugar do Concello, esas arbores tiñan vintetantos anos, e intentar que algún árbol deses, en lugar de cortalo fose replantado noutro lado, nosoutros no Pleno ordinario do 24 de novembro, en rogos e preguntas preguntamos que ía a pasar co palco, porque non tiñamos coñecemento, a mín me viñeron varios veciños cando se empezaron as obras, dicindo que se se ía a tirar o palco, por eso preguntamos no Pleno do día 24 de novembro, de cal ía a ser a situación da Praza da Constitución, por parte do Alcalde se nos di que sí que é unha proposta que pola súa parte ten bastante meditada, que era unha cuestión política, que él ía a asumir a responsabilidade e que o palco se ía tirar, o día seguinte, nos solicitamos a través de rexistro municipal, o día 25 solicitamos ter acceso o expediente, o cal o día 30 de novembro se nos día que o podemos ver o día 1 de decembro, se nos deixa ver na Alcaldía, e a mín o Sr. Alcalde que fun quen asistín a ver o expediente se me que si que o palco se vai a derrubar, esto é o que nos leva a nos, despois de esperar que esto fora unha presión política e mediática, o que nos leva a nos o día 25 de xaneiro digo o día 29 de decembro a solicitar un Pleno extraordinario con tres puntos na orde día, os puntos xa foron leídos por parte do Sr. Alcalde e a continuación despois de practicamente un mes da convocatoria, a solicitude foi o día 29 de decembro e se convoca practicamente cun mes de posterioridade. Creo que a nos levanos a solicitude deste Pleno por varios motivos que os vamos a dicir a continuación, creo que si que debemos deixar claro que a nos se nos pide por parte do Concello, falou conmigo o Tenente de Alcalde para que retirara a solcitude de Pleno, e falei con meus compañeiros e tomamos a decisión de seguir mantendo a solicitude de Pleno Extraordinario, porque entendíamos, primeiro que hai tres puntos na Orde do Día, e que ningún dos tres puntos da Orde do Día, e con respecto os tres puntos que figuran se fixo nada, nin se pararon as obras, nin se diron eses proxectos que andaban polos bares, que había tres alternativas, que había unha alternativa que era levar o palco para o Parque Rosalía, nin convocaron a reunión extraordinaria da Comisión de Urbanismo, entonces nos queremos que este Pleno, si por parte do Goberno Municipal se accedera a estas tres peticións, habería a posibilidade de retirarse pero como se pode ver a día de hoxe non se fixo ningunha das tres peticións, nin se convocou a Comisión de Urbanismo nin se parou as obras, o venres pasado estiveron traballando, nin por parte do Alcalde, do goberno municipal, os voceiros, a Xunta de Voceiros se nos dira a facilidade de ver eses proxectos que andiveron pola rúa e que nos non vimos, nos significar e deixar claro aquí, que temos varios motivos dos cales



nos estábamos en contra desa situación de tirar o Palco, a primeira é que o Palco, pertence a tipo de palco típico da zona norte de Galicia, construído no ano 1918 e restaurado no ano 1956, ese é o primeiro punto, segundo porque o Palco no ano 1956 foi reconstruído por unha familia Aresana, que estaba na emigración e que tanto lles debemos os Aresanos á emigración Cubana que tanto fixeron pola cultura deste Municipio. Creemos en terceiro lugar que o palco foi un punto de encontro e cultural durante moitas xeneracións ata o día de hoxe, creo que hoxe o palco segue sendo punto de encontro de moitos rapaces, estamos de nenos de 10,12,14 anos, que quedan no Palco, e é un punto de encontro e cultural, que tiña o Concello para realizar calquer evento, pois, tamén se realizaba no Palco, todos o recordamos, todos os nados aquí recordamos que calquer evento sexan festas sexa teatro, sexan comedias, todo se facía no Palco da música, ata era utilizado polos Concelleiros, cando había algún tipo de evento algunha manifestación tamén por parte dos Concelleiros deste Concello.

Dicir tamén que a partires do ano 80 que entrou a Democracia nos Concellos, se lle cambiou o nome e se lle puxo Praza da Constitución, creo que é o nome que ten a Praza pero todos os que somos de Ares, sabemos que se lle chama o Palco. Deixar claro tamén que no ano 1999, no Plan Xeral do ano 1999 esto xa estaba catalogado por Patrimonio e no 2005, exactamente igual, eu creo que debemos de dar un exemplo por parte das Coroporacións, non aproveitando un vacío legal como é neste caso que estamos, co Plan Xeral anulado, temos unhas modificacións puntuais, rexen as Normas Subsidiarias, e cun Plan Xeral temos algún coñecemento pero polas informacións que temos aínda que non participamos, que se esta elaborando un Plan Xeral, e os Técnicos que están redactando o Plan, teñen que recollelo porque esto non pode ser de outra maneira, eu creo que eso ten que ser significativo por parte das Administracións e máis do Concello temos que dar, pois agora se un veciño quere tirar un edificio ou algunha casa o vamos a ver nalgúns meses, veremos que todas as casas que teñen balconada de madeira van a ser recollidas no Catalogo Patrimonial de Ares, porque así o esixen, eu creo que nos desde o Concello temos que dar un exemplo, nos guste ou non nos guste, teña ou non teña utilidade, que eso como dixeran anteriormente ten un referente cultural, e patrimonial, e os de Ares, por eso nos estábamos en contra desta situación, creo que o cambio de actitude por parte do goberno municipal e neste caso do Sr. Alcalde, xa foi recoñecido públicamente nestes días pasados, que foi a presión política e cidadán, que fixo cambiar de actitud da retirada. Nos queremos deixar constancia aquí de que así sexa, e queremos deixar claro tamén que nos, eu cando entrei no ano 1999, co tema doutro evento significativo que eran as Alianzas Aresanas, que tamén nos atopamos cunha situación bastante lamentable como eran as Alianzas, eu creo que aparte dun Concello de 5000 habitantes, que bueno que o que se pretendía, eu creo que estaba masificado, e que a utilidade que ten e que se lle daba as Alianzas, están dando un servizo bastante bon, e non facía falta facer o que ía facer e destrozando o Patrimonio como a Alianza Aresana, e que tanto ben trouxo a este Concello.



Dicir por último que nos non estivemos informados desas tres propostas que andiveron por ahí, que nos queremos ter coñecemento ver o proxecto ou esas alternativas, que había, e se pode ser, se poida dar un servizo, a este Concello por parte do que é optimo da Praza da Constitución, que sirva que teña utilidade e que se respete o Patrimonio, eses son os dous puntos que nos temos e queremos que se cumpran, que é darlle utilidade, non deixalo ahí, se hai que gastar algún diñeiro non seu reforzamento e darlle vitalidade a esa praza que eu coincido, e se hai que levar o Mercadillo Municipal para alí, e outro tipo de alternativas nos estamos de acordó, pero sempre dentro do respecto do Patrimonio, e dou por rematada a miña primeira intervención.

Interven o Sr. Alcalde-Presidente, manifestando que aproveches un Regulamento onde os voceiros teñen cinco minutos para intervir e falaches e 18 minutos, e deberías falar 18 minutos ceñindote ós puntos que ti solicitas, esto o redactaches ti ninguen o dictou, entonces claro hai que ceñirse á orde do Día, que efectivamente esta reflexado na convocatoria. No Xulgado había arbores centenarios cunhas lianas, eu teño 45 anos e xa me tiraba nas lianas, e efectivamente para que houbera vista tamén se cortaron, tamén poideches haber collido algún para que efectivamente te quedará de recordo, igual que a Casa dos Leóns onde está este Concello, que tamén, quizais non tiveches tempo a reconsideralo como o reconsiderarei eu, quizais esa é a diferenza que hai entre ti e eu, o Palco vai a estar ahí porque está claro que se reconsiderou, a Casa do Leons non está porque ti non reconsideras nada, pero efectivamente quizais por eso, loxicamente gañando o Partido Popular en casi todos os sitios e arrasando pois en Ares é evidente que a ti non te queren cando o Partido Socialista ten dous Concelleiros máis que ti, cando o Partido Popular ten todo de cara, arrasa en todos os sitios, entonces aquí está claro que o PP ten un problema contigo, e é porque ó mellor ti non reconsideras absolutamente nada, e a proba está en que o Palco vai a quedar e a Casa dos Leóns efectivamente non está.

So ten que ir a Comisión Informativa o que é competencia do Pleno, e o Palco e esa obra non é competencia do Pleno, por eso non vai a Pleno nin a Comisión Informativa, preguntadolle o Sr. Secretario se é así.

Resposta o Sr. Secretario que sí.

Sr. Alcalde: Entonces eu me teño que ceñir á legalidade, pode vir a Pleno porque efectivamente un grupo pide que veña, pero ven como punto na Orde do Día, pero a competencia que me da a Lei de Bases, ninguen pode quitarla, é unha obra que é competencia do Goberno e a Pleno, so vai o que é competencia do Pleno, e esto non é competencia do Pleno, pero en calquer caso efectivamente se pide e ven, e tampouco foi a Comisión de Urbanismo, porque a Comisión loxicamente van as licencias, que se informan e os asuntos que veñen ó Pleno, non o que é competencia da Comisión de Goberno, entonces efectivamente de acordo coa Lei de Bases, loxicamente actuamos sempre con escrupuloso respecto á legalidade, lle dimos conta o Pleno das Resolucións que eu firmaba relativas a esa



obra, pero os puntos correspondentes a fiscalización e control, e efectivamente está claro que houbo un cambio, e o goberno municipal asume cambio, é o mesmo proxecto que había pero sen a fonte octogonal que ía no lugar do Palco, e o que íamos a gastar na Fonte, o vamos a gastar nun arranxo do Palco, o que por certo estiveches ti 8 anos de Alcalde e que eu saíba a esa Praza non lle fiseches nada, a xente caía, a pizarra estaba solta, as arbores había que descabezalos porque se saíron de madre e coas raíces levantaban a pedra, ti tiveches oito anos e non fixeches absolutamente nada, a miña intención e amañar a Praza, é miña competencia e de acordó coa miña competencia o fago, e evindentemente hai un punto, loxicamente que é moi significativo, e que loxicamente provoca unha reconsideración, e esa reconsideración loxicamente ó órgano de goberno, e que ademáis se corresponde cunha pretensión de dous grupos políticos ou de todos os grupos políticos, entonces eu non sei onde está o problema, non vexo o problema, o que si sei é que non é competencia do Pleno, e competencia de Comisión Informativa e aún así, hai unha reconsideración acorde con o que efectivamente desde varios grupos políticos se pide, entonces eu non sei cal é o tema, igual é que querías que por collóns tirara o palco e montar un follón, efectivamente se che cortou a mexada nese senso, o mellor loxicamente sería moito máis rentable politicamente que tiramos o Palco como estaba inicialmente previsto, eu creo que loxicamente houbo sen dubida algunha unha proposta por parte dos grupos políticos, as concentracións en diferentes días e diferentes horas para facilitar a presenza da xente, non foi nin que vos vota, están as fotografías podemos contar a xente, pero en calquer caso si que é certo que eso non é óbice a unha reconsideración que ten un fondo; claro que ten un fondo e o reconsideramos e o asumimos, e o palco efectivamente afortunadamente sen dúbida algunha porque todo ten o seu recorrido e todo ten o seu momento afortunadamente está claro que loxicamente bueno pois se queda, ¿cal é o problema?, discutirme as competencias a mín, que me as da a Lei, entonces está claro efectivamente que non ten razón de ser, e esta claro que non vamos a xogar coas pretensións absurdas de eu os ofrecín efectivamente aceptar esta posibilidade, vosoutros a rechazachedes e eu non os vou a bailar as augas, evidentemente a obra e competencia do goberno, so ten que ir a Comisión o que determina a Lei, esta obra non ten que ir a Comisión e desde logo nos vamos a votar en contra porque efectivamente o acordo vai en contra da Lei de Bases, e ofrecimos a semana pasada e toda a anterior unha posibilidade que foi rechazada, os empeñachedes en vir a Pleno a pesar de ter unha proposta de acordo por parte da Alcaldía, non a queredes, pois loxicamente vamos a votar en contra, porque non te vamos a bailar as augas en función efectivamente dunhos caprichos que non teñen sentido, o Palco queda se ofreceu todo o que ven aquí, os da igual, bueno pois efectivamente non hai acordo se dous non queren, e evindentemente sobre este punto non vai haber acordo, porque efectivamente a obra é competencia da Alcaldía, a obra vai loxicamente a manter o Palco e por suposto vamos a rehabilitalo, e vamos a facerlle todo o mellor que podamos de acordo cos informes correspondentes que nos teñen que poñer en evidencia sobre todo o estado da cabilla de dous milímetros de ferro dulce que é o que máis medo causa, porque é o que está totalmente oxidado e efectivamente hai unha cúpula hai unha infraestrutura respecto da cal



efectivamente hai que garantir as condicións de seguridade, e en consecuencia efectivamente nesa línea actuaremos.

Toma a palabra o voceiro de NAL Sr. Luis Cendán: Eu simplemente quería facer constar unha cousa, aquí todo o mundo ten a lexitimidade de facer o tipo de política que queira pero pola nosa parte non vamos a entrar en dimes e diretes, entre unhos grupos, porque ademáis me gustaría deixar claro que xa se dixo aquí xa se corroborou e ademáis non é doutra maneira a competencia desta obra é competencia da Comisión de Goberno, pola cal se solicitou este tipo de obra e se contratou a obra, quero dicir esto porque nin entrei antes nin vou a entrar agora, porque cando foi a disxuntiva da proposta por parte do equipo de goberno, quixo criminalizarme a mín utilizando a política demagoxicamente de que grazas a meu voto o palco se ía a tirar, eu nin falara co Alcalde, me enterei cando veu a Resolución e se comentou o tema porque eu é máis a día de hoxe nin vin o proxecto como está; mira o interés que teño eu neso, polo tanto nin votei antes, nin votei agora dun proxecto que ademáis é competencia da Comisión de Goberno, por outra parte cando se me dixo que se me ía a solicitar, por outra parte cando se me dixo que se ía a solicitar un Pleno, está presente aquí un voceiro do BNG para asinar a solicitude de Pleno eu como non estaba, comentando o tema dixeran esperar unhos días eu primeiro quero escoitar o Alcalde e falar co Alcalde, ¿foi así, ou non foi así?, entonces polo tanto eu non vou a entrar neste tipo de disxuntiva e sobre todo cando se sabe xa que por parte da Alcaldía a intención que hai é non derrubar o Palco se falou en Comisión Informativa eu que estivera presente duas veces este tema incluso se dixo por parte da Alcaldía que había un proxecto encargado, un informe técnico a Patrimonio polo tema da resistencia do ferro, a parte o proxecto orixinal se modificou non sei si está agora nestes momentos en posesión do Concello, pero eu creo que hai que quitar a parte positiva deste tema, o órgano onde se debe debatir e a onde debe de ir esto é a Comisión Informativa, polo tanto rogo que si é verdade que o proxecto esta ahí, que o Sr. Alcalde o leve a Comisión Informativa como se comprometeu e alí os grupos faremos propostas, que me imaxino que ademáis da proposta do proxecto que se presente, é importantísimo o informe de Patrimonio polo cal ó mellor a obra hai que modifica-la, incluso hai que deixar o estado actual ou un mantemento mínimo porque ó mellor a obra vai a requirir moito máis de orzamento dado que o informe seguramente vai a dicir que eso non garda ningún tipo de seguridade polo estado en que esta. Polo tanto eu creo que debemos de ir ó tema positivo non tratar de estar quitandolle fincapé por intereses políticos, porque xa a situación se reconsiderou, creo que o procedemento normal é que vaia a Comisión Informativa, polo tanto alí nos vamos a pronunciar nun sentido ou noutro, polo tanto eu neste tema que ademáis o compromiso do Alcalde é lévalo a Comisión Informativa e un dos puntos da Moción do Pleno, e que se leve con carácter urgente á Comisión Informativa, polo tanto eu creo que isto non da para máis é un debate estéril, polo tanto eu penso que o noso voto vai a ser a abstención á petición dos puntos, reconsiderando de que o Alcalde vai a levar esto a Comisión como se comprometeu.





Interven o Voceiro do Grupo Municipal do BNG, Sr. Mesias Farias: Bo día a todos e a todas, eu creo que antes de nada deberíamos de preguntarnos porque estamos hoxe aquí, e se estamos hoxe aquí logo de hai máis dun mes de percorrido deste tema e porque o que está claro que aquí houbo un problema de vontade política, por parte do Alcalde e do Grupo Socialista, porque isto non empezou como rematou, empezou dunha maneira digamos moito máis normal, e a maneira normal é a que nos plantexamos, cando nos enteramos en que ía a consistir a obra, solicitar información. Eu creo que é importante que logo xa do tempo que levamos traballado aquí no Concello que haber si dunha vez por todas nos centramos todos aquí un pouco, e non perdamos o tempo en tonterías e inutilizacións, o BNG desde logo foi unha organización, un grupo municipal que neste caso comportouse como se tiña que comportar, e non estamos nada de acordo en como se nos tratou respecto a este tema, e me refiro a que cando o BNG saca unha nota de prensa, o saca para informar, e o BNG nos senta moi mal que o Alcalde, e o grupo de Goberno utilice un web municipal que se entende que é da institución, para informar non para propaganda; para respostar ó que nos non dixemos, e me refiro a eso porque a nosa nota de prensa inicial dicía: “Que o Grupo Municipal solicita a paralización cautelar das obras ao tempo que denuncia que o proxecto que se supón existirá das obras en marcha non foi aprobado nen dado a coñecer nin en comisión informativa nin tampouco en Pleno”, pois moi ben, que resposta o grupo na súa web.

O Sr. Alcalde: E un Pleno extraordinario e ten 3 puntos na súa orde do día, entonces eu te pediría e o digo de corazón porque teño outras cousas que facer, o digo con toda sinceridade e ademáis o Palco vai a quedar, hai que ceñirse, e senón pide ti un Pleno colles sinaturas e pides un Pleno para debater, pero este Pleno o pide o PP e ten tres puntos na Orde do Día, por favor agora termina a tua intervención esa volta que as dando me parece ben pero por favor pido os grupos que se ciñan os tres puntos que figuran lóxicamente no Pleno extraordinario, eu non redactei a solicitude do Pleno nin a asinei, podía ser outra pero non é e esta, entonces por favor, ceñiros os tres puntos ¿de acordo?.

Sr. Mesias Farías: Eu non quero molestarte recordando algunhas cousas que son certas.

Sr. Alcalde: Rogo que ciñas os tres puntos da Orde do Día, eu teño moitas cousas que facer está mañá, pero si queres falar de eso pides un Pleno extraordinario, e falamos deso, pero o Pleno o pideu o PP e ten tres puntos moi concretos, entonces por favor temos que ceñirmos á Orde do Día, pero podes rematar a túa intervención nese sentido a terminas pronto e xa está, e te centras nos puntos da Orde do Día.

Sr. Mesías Farias: Eu o que creo que estamos aquí hoxe polo que dicía antes por esa falla de contacto, porque o grupo de Goberno se empeñou en mentir, e en poñernos a nos como os malos da película, polo tanto nos a respecto de esto que viña aquí, teremos que constestar do que se nos acusa, a respecto do que está aquí este primeiro punto foi o que solicitamos nos nesa primeira petición de 24 de novembro, a suspensión cautelar das obras



tamén loxicamente e o do proxecto son os puntos que solicitamos o 24 de novembro, entonces claro se estamos aquí será porque non fixeron ben as cousas, porque se se fixeran ben as cousas non habería xustificación para estar aquí, entonces nos o que dicimos a colo desto e que efectivamente queremos a información que non podemos desviar debate no tema das competencias, porque o BNG nunca puxo en cuestión as competencias que ten o grupo de goberno, nos o que decimos é que teremos dereito a pedir información do que se faga, teremos dereito a pedir información e teremos dereito a dar unha opinión pero nos órganos competentes, o mesmo dereito que ten a xente de fora, cando dín que a Alcaldía puxo o BNG a enturbiar agora un debate cidadán, democrático, transparente relativo a Praza da Constitución, e que se refería o que vostede andivo repartindo por ahí unhas copias; e nos dicimos ¿porqué non teremos o mesmo dereito a debatilo aquí nos órganos?, que pasa eu son Concelleiro, terei algún dereito a que fala aquí e a debatir nas Comisións, pois ese debate vostede o prantexou fora de aquí, e a mín parece ben, nos non estamos en contra de que se producise ese debate, pero tamén hai que dicir unha cousa, era un debate que era de parte, porque aquí o que se levou a colo eran tres versións dun proxecto, pero non había tres versión dun proxecto, había un proxecto aprobado definitivamente que para nada contemplaba o que vostede quería venderlle á xente. Polo tanto eu creo que para levarnos ben e para non perder o tempo esto que estamos facendo aquí había que facelo antes cando nos fumos a ver o proxecto e cando dicimos que non se nos atenden as nosas peticións, e porque nos pedimos unha copia do proxecto e non se nos deu a copia do proxecto, senón que se nos deu a posibilidade de ver o proxecto e así o fixemos e falalo, e o falamos tranquilamente e cordialmente e alí os dous tanto o PSOE como o BNG expuseron a súa cuestión e sabemos que único problema que había primeiro era o da demolición do Palco que nos non estábamos por ela e que estaba incluída no proxecto definitivo, a pesares de que a Alcaldía vendía outras cousas do proxecto cando ía por ahí. Polo tanto nos decimos que chegados a este punto xa casi non estamos convencidos do que é a palabra, de cando se dice unha cousa porque nos creemos que as cousas teñen que ser como teñen que ser, ¿hai un proxecto desa modificación do proxecto definitivo?, non sei se o hai, nos queremos saber si o hai, e nos queremos velo e nos queremos opinar, nos non estamos dicindo que se faga o que nos queremos, as competencias son de quen son e nos as respetamos, pero por favor o debate e a información, so información. E despois os outros dous puntos, eso, o cambio do proxecto o queremos ver, e a paralización das obras mentres non se chegue a un acordo maioritario, eu creo que se hai vontade nin siquiera hai que paralizar as obras, se con carácter urxente se convoca unha Comisión, polo tanto pola nosa parte o punto número tres casi pasaríamos si se nos convoca a unha Comisión para ver o proxecto e tal, porque tampouco estamos de acordo en que as cousas se fagan así desa maneira, hai que xuntarse para falar das cousas, e con este tema aquí o que estamos a dar a ver á xente e que nos estamos liando, encerellando, cousas que son simples cando hai vontade política cando hai capacidade para falar e para escoitar, aquí non teríamos chegado a este punto. Igual chegabamos de igual maneira pero cunha contradición





do grupo de goberno, e non digo por dar marcha atrás, senón por toda a porquería que se verte a través do gabinete de propaganda do Alcalde, grazas.

Interven o Sr. Alcalde: A verdade é que efectivamente é moi chamativo que algúns so ven dereitos e non ven ningunha obrigación, pois efectivamente cada un ve os seus dereitos e eu vexo os meus, está é unha obra competencia da Comisión de Goberno, non teño porque levala a Comisión Informativa, e non teño porque levala a Pleno, basta so con notificarlle ó Pleno as Resolucións que con relación a esta obra eu vou asinando, e os acordos que as Comisións de Goberno vanse adoptando para remitirle efectivamente para o cumprimento do dereito á información que ten a oposición, eu non teño porque facer o que efectivamente non é a miña obrigación. Pedichedes ver o proxecto e se vos ensinou, viñechedes a Alcaldía, e eu persoalmente o expliquei, é o que tedes dereito, non tedes dereito a que esto vaia a Comisión Informativa, non tedes dereito, pero a pesar deso dixeran que sí que o levaba e non serviu de nada, aquí estamos no Pleno, non sirveu de nada, e dixeran que sí, que o levaba a Comisión Informativa porque me da a gaña, non porque efectivamente é voso dereito, e efectivamente sendo unha competencia da Comisión de Goberno, non ten nin porque vir a Pleno, e se queres te explico porque estamos aquí, non estamos aquí porque se fixeran as cousas mal, estamos aquí porque un grupo ten dereito a xuntar firmas e pedir un Pleno para isto, estamos aquí porque o PP pediu o Pleno que vosoutros anunciachedes na prensa e por certo non pedichedes, pero efectivamente o PP pediuno, estamos aquí porque o Partido Popular pediu o Pleno, porque é o seu dereito, pero non é o seu dereito que eu leve isto a Comisión Informativa, non é seu dereito que eu teña que traer isto a Pleno, eu cumplo efectivamente dandovos a información e os din toda, as Resolucións foron a Pleno e cando me pedichedes o proxecto o enseñei, é máis houbo unha reconsideración que coincide co que pedichedes e da igual, aquí seguimos efectivamente igual, a mín efectivamente por así decilo me importa moi pouco, moi pouco me importa, porque sei efectivamente cales son as miñas competencias e de acordo coa Lei de Bases actuo, os dereitos os que tedes nin un máis, e obrigas tamén as que tedes, nin unha máis, entón estamos aquí porque efectivamente se pide un Pleno con tres puntos, pero nin eu teño que levar isto a Comisión Informativa, nin eu teño que levar isto a Pleno porque teño as competencias de acordo coa Lei de Bases, e aínda así tendo as competencias reconsideramos a situación, e segue sen valer, tendo as competencias digo que vai a Comisión Informativa, e segue sen valer, entón macho a que estamos xogando, cando un grupo político ten a Lei da súa parte, e actúa de acordo coa legalidade vixente, as concesións hai que leelas en clave política, pero as concesións son de todos e, si eu non tendo porque levar isto a Comisión Informativa, digo que o levo, home o outro grupo podía dicir, eu renuncio o Pleno, porque imaxino que as concesións políticas son loxicamente un "quid pro quo", pero aquí non hai "quid pro quo" aquí hai dos grupos da oposición que se creen con todos os dereitos e sen ningunha obrigación, eu teño que facer isto porque queredes, pois non, non teño ningunha obrigación, non teño que lévalo a Comisión Informativa nin a Pleno porque non me obriga a Lei, agora eso sí, a mín obrigame a Lei a darvos Información, pedichedes o proxecto, e ahí o tedes, e no proxecto no ía o Palco, non ía o Palco, porque a



intención primeira era derrubalo, e logo houbo unha reconsideración, onde están as mentiras, chico. E por certo o gabinete de comunicación da Alcaldía, é o que ti dis, o Gabinete de Comunicación da Alcaldía, vaite o Gabinete de comunicación do Alcalde de Allariz, vaite o Gabinete de comunicación que tiña o Alcalde de Fene, vaite o Gabinete de comunicación do Presidente da Xunta, e haber si ves as notas de prensa da oposición, vaite a Secretaria Xeral de Comunicación de Feijoo e conta as notas do Bloque e do PSOE, están as del, e no Gabinete de comunicación meu están as miñas. Perdona a periodista e persoal de confianza da Alcaldía que se te meta na cabeza, esta nomeada como persoal de confianza e como tal actúa, o gabinete de comunicación é da Alcaldía, e xa te digo vaite o gabinete de prensa, do Alcalde de Allariz e mira se pon as notas do PSOE, ou se Feijoo colga as notas do PSOE, non estades moi equivocados, cada grupo ten o seu gabinete de prensa no Parlamento e cada un traballa para sí, meu persoal de confianza non está a disposición da oposición, nin aquí nin en ningún Concello, desde cando o persoal de confianza está a disposición da oposición, en onde, precisamente é persoal de confianza, abrimos o segundo turno.

Toma a palabra o voceiro do P.P. Sr. Manuel Cendán Fernández, en primeiro lugar deixar claro como fixo o Sr. Alcalde; Sr. Secretario nos temos dereito a solicitar un Pleno Extraordinario coa sinatura dun tercio dos Concelleiros, eso nos ampara a Lei, e temos dereito tamén a pedir unha Comisión Informativa coa sinatura dun tercio dos membros da Comisión.

O Sr. Alcalde di que efectivamente, pero ti non podes obrigar a que cun acordo de Pleno a convoque eu, a pides ti , ninguen me pode forzar a mín a exercer as miñas competencias.

Sr. Manuel Cendán: Ninguen esta dubidando da competencia, nin ninguen dubidou da competencia do Alcalde sobre a contratación desta obra, e tampouco se pode dubidar da convocatoria que fixemos nos porque a Lei de Bases a nos recollenos, somos a oposición e temos facer un control e fiscalización dos actos dos órganos de goberno, e esta recollido na Lei de Bases.

Sr. Alcalde: Manuel me permites centralo, primeiro punto que con carácter urgente se convoque a Comisión de Urbanismo, aínda que salla eu non a convoco e non pasa nada, por é miña competencia, teras ti que adxuntar sinaturas e pedila.

Sr. Manuel Cendán, ninguen está dicindo o contrario pero é unha competencia que temos nos, a oposición, nos non vamos a vulnerar nada. Non nos valeu e xa o expliquei porque seguen estando en vigor os puntos, por parte doutro voceiro, aquí se manifestou que era esteril, a día de hoxe despois de dous meses ¿se convocou por parte do Alcalde a Comisión de Urbanismo?, non, non esta convocada, ¿se paralizaron as obras? Non, ¿se está executando un proxecto que estaba aprobado e se vai a cambiar? Si, esto esta en vigor, porque por parte do Goberno Municipal non se fixo nada, se vai a cambiar o proxecto, pero a obra sigue contratada co proxecto anterior.



O Sr. Alcalde: En xunta de voceiros, os informei, que se pediu un novo proxecto con o Palco e un informe a un técnico de Patrimonio sobre súa conservación.

Sr. Manuel Cendan: o que si está claro a día de hoxe dous meses despois sabemos que verbalmente, porque non consta en ningún lado, en ningún órgano colexiado, de que se vaia a cambiar a obra.

O Sr. Alcalde di que se informou na Xunta de Voceiros, está na acta da Xunta de Voceiros.

O Sr. Manuel Cendán, non hai nada, nin se convocou a Comisión, porque se pode convocar por parte túa, como se dixo aquí por parte doutro portavoz, que tiñas o compromiso de convocar a Comisión, pois convoca a Comisión Informativa, e non se fixo, con respecto a algunhas manifestacións que fixeches o principio, decirte, falaches dunhas arbores cunhas lianas, dicir que nos as arbores que tiramos no Parque Rosalía, as tiramos cun informe medioambiental e porque estaban enfermos, tiñan unha serie de enfermidades, nos non tiramos ningúnha arbore, as que se tiraron foron polas obras da EDAR, e despois fixeches unhas manifestacións porque primeiro cando un fai unhas manifestacións as ten que meditar, antes de acusar a unha persoa, porque lle pode vir a marea de volta, e envolvelo, dicir que esta Casa que aprobou o proxecto e a demolición foi o goberno bipartito e un Alcalde Socialista, José Juan Vilasánchez Pazos, e esta obra se parou porque nos presentamos un escrito, esta obra a tirou o goberno bipartito, deu a licenza e por unha denuncia se paralizou a obra, esta obra esta paralizada e parada e nos chegamos a un acordo, e como non había solución, cando entrei eu de Alcalde estaba en estrutura o edificio, e tiramos a placa derrubamos a placa, porque incumplía a legalidade, non podía saír da rasante un metro como subía, e foi o que fixemos unha negociación con ese señor, pero digo quen aprobou a licencia e quen presentou todo isto foi o goberno bipartido, a estrutura deste edificio xa estaba cando entrei eu de Alcalde, antes de facer unha manifestación, e decirte con respecto ao Patrimonio Cultural nos non fixemos nada, nos non fixemos a Escola das Nenas amparando que hai un vaio legal, nos non destragamos a Fonte de Papellas, e nos non intentamos porque non nos pasaba pola cabeza de tirar o Palco, nunca nos pasou pola cabeza eso, e dicir que nunca gastamos nada ahí. Decir que cando entramos o primeiro que fixemos foi rehabilitar o Concello e a Praza da Constitución, porque chovía dentro, era tercer mundista, era tercer mundista o Concello, porque chovia dentro, e o primeiro que fixemos foi gastar unha subvención de Administración Local, a tres anos, solicitar as axudas, amañamos o tellado, pintamos o local, rehabilitamos o Palco, amañamos a subida das arbores, e a pizarra e todas esas historias fumos nos, poñer os banquetes e as cadeas, ¿quen puxo eso?, eso o fixemos nos, antes de manifestar unha posición e culpar a alguen hai que documentarse, e deixalo claro, nos non cortamos ningunha arbore, e eu o manifestei e esta nas actas e o advertin en algún Pleno de que había que tomar medidas coas arbores da Praza da Constitución, e eu non me atrevín a cortar as arbores, non me atrevín porque eso tiña que ser un escándalo, e digo que non te critiquei por eso, e en



ningunha manifestación nos medios de comunicación, para achacarnos a nos de electoralistas, nos escoitaches a nos, nos quedamos atónitos cando escoitamos que ías a tirar o Palco, pedimos información e pedimos un Pleno extraordinario porque non se tomou ningunha medida, e a nos non se nos deu oficialmente ningunha información nin cambio de proxecto, porque a día de hoxe non hai ningún cambio de proxecto, e se está executando, e agora dices aquí que non o vas a facer que non o vas a tirar e maña o tiras, porque o proxecto non está aprobado, o presentachedes pero non o aprobaches, e entonces que quede constancia da posición dos grupos políticos, a min mañan ninguen poderá dicir que o grupo do Partido Popular non pediu un Pleno Extraordinario nin preguntamos por esto, e na acta do 24 de novembro consta que nos preguntamos por esta obra, e nos diches unha explicación, o día 25 solicitamos acceso o proxecto, se nos deixou ver o día 1 de decembro, e estamos aquí despois de dous meses que non se fixo nada, estamos solicitando un Pleno extraordinario, non estamos acusando a ninguen, estamos solicitando unha Comisión Extraordinaria de Urbanismo para falar este tema, creo que é o máis correcto e o máis cordial que pode facer o grupo da oposición, e todo o que se queira quitar do entorno non é así. Cada grupo é responsable do que sexa, pero a nosa obrigaón era preguntar e preocuparnos por esta obra, e así o fixemos, e temos a conciencia tranquila, convoques ou non convoques a Comisión, é unha responsabilidade túa e terás que dar explicacións cando o pregunten pola rúa ou cando o digan os cidadáns, e nos xa fixemos a nosa labor, a nosa labora era esto que quedara constancia aquí da nosa queixa que nos non estamos de acordo coa demolición do Palco, e agora a responsabilidade e túa e nos non a vamos a quitar, pero a nosa posición queda reflexada aquí, pedín un Pleno extraordinario e as posicións marcadas por cada grupo, despois cada un é maior de idade e sabe o que ten que facer.

Toma a palabra o voceiro de NAL Sr. Luis Cendán Fernández: Eu simplemente insistir no mesmo, aquí o importante é que o asunto se debata na Comisión, que é fundamentalmente o que se está solicitando, o compromiso que fixeche Alcalde na Xunta de voceiros, que habías modificado o proxecto, eu confío que así sexa, e que se leve a Comisión se abra o debate e punto pelota, non lle encontré máis cuestións o tema, polo tanto pola nosa parte seguimos mantendo a nosa Posición, e có compromiso de que leves esto a Comisión Informativa, coa modificación do proxecto e punto.

Interven o Voceiro do BNG, Sr. Mesías Farias, eu non me acabo de creer porque me contestas sempre ó que eu non te acuso, ¿dixen eu que a xornalista do gabinete de propaganda tiña que sacar as notas do BNG? ¿dixen eu eso?, eu o que digo que hai que ter moi claro o que é Alcalde que eres ti coas tuas competencias, o que é o grupo de goberno coas súas competencias, e o que é a institución municipal; e o que é a institución municipal no tocante á web municipal para facer patidismo, vale, e non digo que a xornalista no teña que facer as notas de prensa que ti lle mandas, o ten que facer, porque ti mesmo o dis é da túa



confianza, e máis as notas de prensa que ti consideres que non son túas, polo tanto haber si nos enteramos dunha vez, o que non se pode facer, e utilizar as notas de Prensa para publicar o que non é, porque unha cousa, e vender a túa película e outra cousa é acusar ó BNG do que non dí, e me refiro ó que xa dicía antes, porque nunha nota de prensa do Concello se dice, “si o BNG leva varios días acusando públicamente o Grupo de Goberno de mentir cando este último aseguraba que a resolución da aprobación do proxecto da praza, pero quen falou da resolución se nos o que dixemos na nosa primeira nota de prensa, dixemos o proxecto non a resolución, polo tanto o que nos estamos fartos e que o gabinete de propaganda do Alcalde sirva para atacarnos de cousas que non dicimos, e nada máis e non temos ningún problema de saber cales son as competencias, o sabemos moi ben e o que me molesta moito e ser Concelleiro polo tanto ter a vontade dun número non importa cal de veciños e veciñas e non ter a posibilidade de ter información que a nos se nos nega cando se lles da os veciños, porque a información que vostede anduvo expoñendo polos bares, aquí non se dou, e entonces nos o que dicimos e que aquí non houbo a información e ese debate que a vostede tanto lle gusta falar, polo tanto a fin de contas tampouco é que estemos tan distantes, simplemente nos dicimos o que hai, e ti o que entendes que ahí, non creo que tiñamos que estar todos os días discutindo por cousas que son básicas e nos deberamos de poñer de acordo, e máis cousas que xa non teríamos que caer nelas como é esta, esta utilización, esta intentar votar porquería enriba de nos nos o único que facemos é o traballo que se nos solicitou por parte dos electores, que é estar informados e ter a información para darllelas a eles, non solicitamos máis e non solicitamos outra cousa tamén solicitamos debate, e tamén entedemos que se vostede dice que as competencias son súas e que non hai porque dar información ós grupos pois nos non lle vamos a dicir que non, pero nos estamos en desacordo e como estamos en desacordo vamos a reclamar sempre que haxa información, porque sempre houbo, porque de cousas que ten competencia o grupo de goberno, e como vostede dí non ten porque dar, cando se pregunta sempre houbo información, tanto eu creo que é importante que nos centremos, e o respecto do gabinete de propaganda o que lle digo, ten todo o dereito a ter persoal de confianza, pero estamos fartos de que utilice o BNG con mentiras.

Resposta o Sr. Alcalde: mira as mentiras son as que ti nos tes acostumados, eu as xustifico, primeiro negaches a maior, que nin a Resolución do proxecto ía a Pleno, bueno home, evidentemente negaches a maior porque efectivamente foi o que sempre diseches, que non fora a pleno, e a Resolución efectivamente foi a Pleno, unha vez que se demostrou que tamén se vos notificou a acta da Comisión de Goberno, na que se contrataba a obra, e dicir vosoutros negachedes a maior, como ti dis estades ahí sentados para defender os intereses dunhos veciños, e vos enterachedes deste cando empezou a obra, e dicir non leedes nin o que vai a Pleno, nin leedes as actas das Comisións de Goberno, pois efectivamente é así, os enterachedes cando se cortaron as arbores, e xa vos dixen que a responsabilidade da Resolución non era vosa, era do anterior grupo de goberno, porque esa Resolución foi a un Pleno antes das eleccións, e non estabades vosoutros sentados, entonces os que estaban volo deberon de dicir, pero si a acta da Comisión de Goberno do mes de setembro que contratou a



obra, vos pudo dar pe a pedir o proxecto nese momento, pois non, cando se cortan as arbores, en consecuencia falas moito de cumprir obrigacións, nin unha, aquí estamos tarde mal e arrastro, por certo os debates que dades vosoutros e os debates que dou eu, evidentemente os dades con quen queredes, eu son moi libre e estou lexitimado para abrir un debate cos veciños cando e onde considere oportuno. Estou dicindo que ti tiveches o dereito á información que te corresponde de acordo coa Lei de Bases, poideches abrir este debate no Pleno no que foi a Resolución, como o abriche cando foi a Resolución pola que nomei a Luis como Coordinador do Plan de Urbanismo, o que pasa que unhas resolucións as ves e outras non, ves as que te conveñen, do mesmo modo que viches a resolución que nomeaba a Luis como Coordinador, poideches abrir o debate se viras a resolución que loxicamente se refería á Praza da Constitución; as actas da Comisión de Goberno se notifican e ahí tamén poideches abrir o debate en setembro, pero non, o abres cando te enteraches, e dicir de cumprir as túas obrigacións cero patatero, cando se cortaron as arbores, o grupo do BNG enterouse do que poido pedir información moito antes, pero a pediches cando a pedichedes; aberto o debate eu loxicamente dentro das función que me corresponden escoito os cidadáns, onde esta prohibido que eu escoite os cidadáns, onde esta prohibido que eu lle de os cidadáns a oportunidade de cambiar de opinión, onde esta prohibido que eu lles diga os cidadáns que hai estas posibilidades, neste punto en concreto cada un dixo o que lle deu a gaña, cada un é moi libre de facer o que considere oportuno, e eu din a oportunidade para ben ou para mal, din a oportunidade de cambiar de opinión, din a oportunidade de reconsiderar o tema, e a din o pobo porque efectivamente me faixei todos os bares, me faixei a xente e baixei o pobo a falar, e vendin a oportunidade de cambiar de opinión porque son moi libre para facelo, entonces eso é o que pasou e cada un vende o que lle da a gaña.

Sometido o asunto a votación o asunto, o Pleno do Concello por 6 votos a favor 4 P.P. e 2 B.N.G., 6 votos en conta do PSdeG-PSOE e unha abstención do Grupo Municipal de NAL.

A vista do empate na votación, sometese novamente a votación con idéntico resultado, polo que o Sr. Alcalde-Presidente, co seu voto de calidade, acorda rechaza-la proposta.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as trece horas e dez minutos do día ó comenzo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levántase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,